



Preguntas  
frecuentes  
sobre o  
**Programa I.**  
**MICROEMPRESAS**  
**[TR400B]**



Orde do 26 de novembro de 2020

# Preguntas frecuentes sobre o Programa I. MICROEMPRESAS

## I. PERFIL DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

### 1. As persoas que traballan por conta propia poden beneficiarse das subvencións do Programa I?

Si, pero só se teñen persoal contratado por conta allea ao seu cargo e cumpren o resto dos requisitos da convocatoria.

### 2. As microempresas poden beneficiarse das subvencións do Programa I?

Si, poden ser beneficiarias da subvención todas as microempresas.

É dicir, todas as empresas con menos de 10 persoas traballadoras, cuxo volume de negocios anual ou balance xeral anual non supere os dous millóns de euros.

Non importa cal sexa a súa forma xurídica.

### 3. As pemes poden beneficiarse das subvencións do Programa I?

De xeito xeral **NON**.

Excepcionalmente, as pemes só poderán acceder as subvencións do Programa I MICROEMPRESAS, cando desenvolvan a súa actividade económica nos sectores especialmente paralizados e cumpran o resto dos requisitos da convocatoria.

#### 4. Quen fai a solicitude, a sociedade ou as persoas autónomas societarias?

No caso de sociedades, é a mesma a que ten que facer a solicitude.

## II. REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

#### 5. Que requisitos xerais deben reunir as persoas beneficiarias destas axudas?

Deben concorrer **TODOS E CADA UN DELES**:

- Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- Que teñan ou tivesen autorizado un expediente de regulación temporal de emprego (ERTE) pola COVID-19 desde a declaración do estado de alarma.
- Que a facturación baixase polo menos o 45% no ano 2020, realizándose unha comparación entre o facturado en todo o ano 2019 e os tres primeiros trimestres do ano 2020.

#### 6. Se na miña empresa non apliquei ningún ERTE desde a declaración do estado de alarma, podo solicitar estas axudas?

Non.

#### 7. Se tiven persoal en ERTE pero agora non teño ningunha persoa contratada, podo solicitar a axuda?

Non. E necesario que a persoa autónoma teña persoas traballadoras ao seu cargo.

**8. Se na miña empresa tiveren un ERTE no pasado, pero xa non o teño, podo solicitar estas axudas?**

Si. O único requisito é que o ERTE sexa posterior a primeira declaración do estado de alarma (14 de marzo de 2020).

**9. Se o ERTE da miña empresa non foi de forza maior ou rebrote, senón por causas ETOP, podo solicitar as axudas?**

Si. O único requisito é que sexa un ERTE desde a declaración do estado de alarma.

**10. Se a empresa iniciou a actividade en 2020 ou no último trimestre de 2019, podo ser beneficiaria da orde e como xustifico o requisito de baixada de facturación?**

Non poden ser beneficiarias da axuda.

Para ser beneficiarias debe poder acreditarse a comparación do ano 2019 cos tres primeiros trimestres do 2020.

**11. Cales son os sectores especialmente paralizados, aos efectos de identificar as pemes que teñen dereito as subvencións?**

- O lecer nocturno. Nesta categoría inclúense discotecas, pubs (tamén cafés categoría especial e karaokes), cafés-espectáculo (incluíndo cafés-concerto, cafés-teatro, cafés-cantante e tablaos flamencos), salas de festas e salas de concertos.
- Actividades económicas do ámbito das atraccións de feiras que non teñan establecemento aberto ao público e que pertencen

aos seguintes CNAE: 4724, 4729, 4781, 4782, 4789, 5610, 5629, 5630 e 9200.

- Os negocios encadrados nos seguintes CNAE:
  - CNAE 4932: transporte por taxi.
  - CNAE 5010: transporte marítimo de pasaxeiros.
  - CNAE 5030: transporte de pasaxeiros por vías navegables interiores.
  - CNAE 5621: provisión de comidas preparadas para eventos.
  - CNAE 5914: actividades de exhibición cinematográfica.
  - CNAE 7911: actividades das axencias de viaxes.
  - CNAE 7912: actividades dos operadores turísticos.
  - CNAE 7990: outros servizos de reservas e actividades relacionadas con eles.
  - CNAE 8230: organización de convencións e feiras de mostras.
  - CNAE 9001: artes escénicas.
  - CNAE 9002: actividades auxiliares ás artes escénicas.
  - CNAE 9004: xestión de salas de espectáculos.
  - CNAE 9321: actividades dos parques de atraccións e dos parques temáticos.
  - CNAE 9329: outras actividades recreativas e de entretemento.

**12. Se son unha persoa traballadora autónoma con algunha persoa empregada ou una microempresa, teño que pertencer a algún sector de actividade concreto para ser beneficiaria do Programa I?**

Non. As axudas están dirixidas a todos os sectores económicos e para calquera tipo de actividade.

### **III. SOLICITUDE**

**13. Cal é o prazo para solicitar as axudas do Programa I?**

O prazo permanecerá aberto ata o 28 de decembro de 2020.

**14. Onde e como debo presentar a miña solicitude?**

A solicitude presentarase obrigatoriamente por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia: <https://sede.xunta.gal/>

**15. Podo presentar a miña solicitude presencialmente nas oficinas da Xunta de Galicia?**

Non. É preciso presentar a solicitude por medios electrónicos.

A presentación da solicitude unicamente de xeito presencial non é efectiva.

**16. Debo presentar documentación acreditativa das circunstancias da miña empresa xunto coa solicitude da axuda?**

NON. A solicitude contempla unha declaración responsable do cumprimento dos requisitos de acceso ás subvencións.

Non obstante, ten que autorizar á Administración para que poida consultar para facer as comprobacións pertinentes.

No caso de opoñerse a consulta, debe achegar coa solicitude os documentos.

A solicitude non se considera debidamente cumprimentada e polo tanto non será atendida ata que presente os documentos.

### **17. Se tivese que presentar algunha documentación xunto coa solicitude, como debo facelo?**

Sempre por medios electrónicos na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), accedendo á súa solicitude, é dicir, a solicitude xa presentada por vostede.

Non debe facelo a través do PR004.

### **18. Se, con posterioridade á presentación da miña solicitude, tivese que facer algún outro trámite respecto da mesma, como debería facelo?**

Todos os trámites relativos á solicitude deberán ser realizados electronicamente, accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

### **19. Como me comunicará a Administración Autonómica calquera circunstancia relativa á miña solicitude?**

As notificacións de resolucións e actos administrativos practícaranse só por medios electrónicos. Concretamente, faranse na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia ([Notifica.gal](http://Notifica.gal)).

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude.

É importante atender coa máxima axilidade ao [notifica.gal](mailto:notifica.gal).

## IV. CONCESIÓN DAS AXUDAS

### **20. Se a miña empresa reúne todos os requisitos do Programa I, serei persoa beneficiaria dunha subvención?**

A convocatoria resolverase por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas.

Se a solicitude ten erros ou resulta preciso facer algún requirimento, ata que non estea completa a solicitude non será considerada para a súa tramitación.

As axudas concederanse ata o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

### **21. De que prazo dispón a Administración Autonómica para resolver a miña solicitude?**

O prazo máximo para resolver e notificar é dun mes, que se computará dende a data de entrada da solicitude no rexistro electrónico.

### **22. Se a Administración me notifica a concesión da axuda, debo facer algún trámite para a súa aceptación?**

Non, non é necesario, pois a presentación da solicitude supón a aceptación da subvención, no caso de ser concedida.



## **23. Que debo facer tras recibir a axuda de MICROEMPRESAS?**

Debe remitir un ANEXO II onde declare de maneira clara a baixada de facturación do 45%, e debe presentar antes do 31 de xaneiro o anexo xunto coa documentación que permita acreditarlo.

Este anexo e documentación resulta imprescindible para o segundo pago da axuda.

## **V. IMPORTE E PAGAMENTO DAS AXUDAS**

### **24. Se son unha persoa beneficiaria das subvencións do Programa I, canto diñeiro pode recibir?**

A axuda será de 4.000 euros.

As de sectores de actividade especialmente paralizados serán de 5.000 euros. Neste suposto de actividade especialmente paralizada tamén entran as pemes.

### **25. Como e cando se fará o pagamento das axudas?**

As subvencións se aboarán en dous pagamentos, cada un deles do 50% da axuda.

- O primeiro pagamento farase en 2020, no momento da resolución de concesión da axuda.
- O segundo pagamento farase en xaneiro de 2021, despois da presentación do Anexo II por parte de beneficiario da baixada de facturación do 45% e da súa xustificación.

## VI. OBRIGAS DAS PERSOAS E ENTIDADES BENEFICIARIAS DAS AXUDAS

### 26. No caso de obter unha subvención do Programa MICROEMPRESAS, terei algunha obriga derivada desa condición?

Si. As persoas ou entidades beneficiarias destas subvencións terán as seguintes obrigas:

- Deberán estar ao día nas súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión.
- Deberán comunicar inmediatamente ao órgano concedente da subvención calquera modificación que afecte as condicións tidas en conta para a concesión da subvención.
- Deberán dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados, que permitan a comprobación e control.
- Deberán adoptar medidas adecuadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego e Igualdade.
- Deberán someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección da Xunta de Galicia, e achegar canta información lles sexa requirida.

## **27. Se son persoa beneficiaria dunha subvención do Programa MICROEMPRESAS, podería perder o dereito ao cobramento da axuda ou ben ter que reintegrala?**

Si, nos seguintes supostos:

- Se non mantivese a actividade económica e o emprego durante os 6 meses posteriores á publicación das axudas, é dicir, ata o 27 de maio de 2021.
- Se obtiven a axuda falseando as condicións requiridas ou ocultando aquelas que o impedisen.
- Se non acreditase a baixada de facturación do 45%.

## **28. O compromiso de manter o emprego ata o 27 de maio de 2021 impide calquera extinción dos contratos de traballo na miña empresa?**

Non, hai algunhas excepcións. Así, os contratos poderán extinguirse por despedimento disciplinario declarado como procedente, dimisión, morte, xubilación ou incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez da persoa traballadora, sen que sexa preciso reintegrar as subvencións.

No caso das contratacións temporais, o compromiso de mantemento do emprego non se entenderá incumprido cando o contrato se extinga por expiración do tempo convido, realización da obra ou servizo que constituía o seu obxecto, ou cando non poida realizarse de forma inmediata a actividade obxecto de contratación.

Por último, a finalización da tempada nos contratos fixos descontínuos, coa conseguinte interrupción da actividade ata a seguinte tempada tampouco vulnera o compromiso de mantemento do emprego.

## VII. XUSTIFICACIÓN A POSTERIORI DA REDUCCIÓN DA FACTURACIÓN E DO MANTEMENTO DO EMPREGO

### 29. Como e cando debo xustificar á redución da facturación dun 45% nos tres primeiros trimestres do ano 2020 respecto ao ano 2019?

No momento de presentación da solicitude basta con cumprimentar a declaración responsable de baixada de facturación do Anexo II da Orde de 26 de novembro de 2020.

Posteriormente, **no prazo dun mes desde a concesión da axuda e, en todo caso, antes do 31 de xaneiro de 2021**, haberá que presentar a seguinte documentación acreditativa:

- Declaracións do IVE trimestral (modelos 303) dos catro trimestres de 2019 e dos tres primeiros trimestres de 2020 ou declaracións trimestral do IRPF (modelo 130) dos catro trimestres de 2019 e dos tres primeiros trimestres de 2020.
- No caso de que as persoas ou entidades solicitantes tributen no réxime de estimación obxectiva ou módulos:

Poderán presentar as copias, referidas aos períodos de comparación, do libro de facturas emitidas e recibidas ou libro diario de ingresos e gastos ou libro rexistro de vendas e ingresos ou o libro de compras e gastos.

A presentación desta documentación é precisa para efectuar o segundo pagamento da axuda.

### **30. Como e cando debo xustificar o cumprimento do compromiso de mantemento do emprego?**

A partir do 27 de maio de 2021, a persoa ou entidade solicitante debera entregar o informe de vida laboral de código conta cotización que comprenda o período do mes da solicitude e dos seis meses transcorridos entre o 27 de novembro de 2020 e o 27 de maio de 2021.

É dicir, no mes de xuño deberá entregar o informe de vida laboral de código conta cotización. Lembre que debe facelo no seu expediente, non facelo polo procedemento PR004.

## **VIII. COMPATIBILIDADE E INCOMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS OU SUBVENCIONS**

### **31. As axudas do Programa MICROEMPRESAS son compatibles coas axudas do Programa II para a Hostalaría, publicadas na mesma Orde do 26 de novembro de 2020?**

Si, e tamén con calquera outras axudas que poidan outorgar as administracións públicas.

### **32. Son compatibles as axudas do Programa I con outras con outras axudas suxeitas ao réxime de *mínimis*?**

Si, sempre que non supere o límite do réxime de *mínimis*.

As axudas do Programa I están suxeitas ao réxime de *mínimis*.

Os límites son:

- Non superar por outras axudas os 200.000 euros nun período de tres exercicios fiscais.

- Non superar os 100.000 euros para as empresas do sector transporte de mercadorías por estrada.
- Non superar os 30.000 euros para as empresas do sector da pesca.
- Non superar os 20.000 euros para as empresas do sector agrícola.

O período a ter en conta é sempre de tres exercicios fiscais.



Teléfono gratuito de atención  
sobre o plan de rescate

 **900 815 600**



**XUNTA  
DE GALICIA**

